



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Anuncio convocatoria e bases 3 prazas operario/a RSU

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía número 3508/2023, de 16 de novembro de 2023, aprobouse a convocatoria e bases específicas reguladoras para cobertura en propiedade de tres prazas do posto de Operario/a de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, persoal laboral fixo, do Concello de Arteixo, polo procedemento de oposición libre, que de seguido se expoñen:

CONVOCATORIA E BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA COBERTURA EN PROPIEDAD DE TRES PRAZAS DO POSTO DE OPERARIO/A DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU), PERSOAL LABORAL FIXO, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE, CORRESPONDENTES Á OEP 2023 DO CONCELLO DE ARTEIXO E BOLSA DE SUBSTITUCIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto da presente a aprobación da convocatoria e regulación das bases que rexerán no proceso selectivo para a cobertura en propiedade, contratación laboral fixa a xornada completa, de tres prazas do posto de Operario/a de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (RSU), correspondentes á OEP 2023 do Concello de Arteixo, a través de procedemento de oposición libre.

As retribucións, réxime de xornada e demais características do posto ao que corresponden as tres prazas convocadas, serán as establecidas na RPT en vigor do Concello de Arteixo (BOP de A Coruña núm. 242 de 22/12/2021) e no Convenio de Arteixo de persoal laboral modificado en decembro de 2021 (BOP de A Coruña núm. 242 de 22/12/2021). A xornada laboral será de 37,5 horas semanais en cómputo anual de luns a sábados, en quendas rotatorias de mañá, tarde e noite segundo organización do servizo, cos descansos establecidos legalmente.

As principais funcións a desempeñar serán as seguintes:

- Traslado do contedor dende ubicación ata o camión de recollida (incluíndo o traslado e recollida no servizo de porta a porta, punto limpo, recollida de enseres)
- Acondicionamento do mecanismo elevador de recollida
- Supervisión do correcto vaciado do contido do contedor no camión de recollida
- Recollida dos residuos depositados fóra do contedor e introducción no camión de recollida
- Posta en marcha da prensa do camión, de ser o caso
- Traslado do contedor vacío ao lugar de orixe
- Limpeza do vehículo baixo supervisión do condutor e/ou capataz do servizo e colaboración na posta a punto e mantemento do mesmo
- Limpeza e mantemento das isletas e contedores
- Asistencia ao condutor do camión de recollida nas maniobras efectuadas
- Comunicación ao condutor do camión das incidencias que observe na vía pública (contedores rotos, ...)
- Manexo de ferramentas e elementos integrantes dos sistemas de recollida
- Realización de parte de traballo en apoio ao condutor e comunicación diaria das incidencias no servizo ao capataz
- Apoio ao resto dos efectivos do servizo na tarefas de recollida, transporte e valorización cando deben realizarse de xeito manual así como o desenvolvemento de tarefas complementarias á conducción precisas para a execución do servizo
- Calquera outra función correspondente á súa subescala e propia das súas competencias e atribucións profesionais

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a. Ser español/a ou nacional doutros Estados nos termos previstos no artigo 57 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- b. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- c. SEN REQUISITO TITULACIÓN DETERMINADA: título de ESO, graduado escolar, estudos primarios, certificado de escolaridade ou titulación equivalente, correspondente ao grupo profesional V do Convenio de persoal laboral do Concello de Arteixo
- d. Estar en posesión do carné de conducir B
- e. Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto referidas na Base primeira das presentes. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta as presentes bases). As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións
- f. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta as presentes bases)

TERCEIRA.- INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentándose no Rexistro Xeral ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 20 días naturais**, contados a partir ao da publicación de **anuncio de convocatoria no BOE**, toda vez se teñan publicadas a convocatoria e bases no BOP de A Coruña e anuncio de convocatoria no DOG. Complementariamente tamén publicaranse as Bases no taboleiro de edictos e na web municipal (www.arteixo.org).

Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, os/as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación, ademais de presentar a documentación requirida.

Á instancia acompañarase inescusablemente da seguinte **DOCUMENTACIÓN (únicamente 5 documentos)**:

1. DNI, carné de conducir B
2. Titulación establecida nas presentes bases
3. Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2^a.1. 4^o) ou, no seu caso, **declaración contida no modelo de instancia** adxunto ás presentes bases
4. Copia do Celga 3, título de iniciación ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización de proba de **galego**
5. **Carta de pagamento** de ter aboado a taxa de dereitos de exame nos servizos económicos municipais

Para o pago da taxa de dereitos de exame, os/as aspirantes deberán poñerse en contacto co departamento de Rendas (981 600 009, extensión 4029, 4030 e 4031 ou rendas@arteixo.org) antes das 14:00 horas do último día de prazo de presentación de instancias, a fin de que lles remitan unha carta de pagamento/documento de liquidación de taxa, que deberá facerse efectivo dentro do prazo de presentación de instancias e que se poderá pagar de calquera das seguintes maneiras:

- a) Nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras, que admitirán ditos ingresos todos os días laborais: Abanca, Banco Bilbao Vizcaia Argentaria (BBVA), Banco Santander, Caixabank ou Banco Sabadell
- b) A través da banca electrónica se é cliente dalgunha das citadas entidades colaboradoras
- c) Con tarxeta de crédito ou débito na pasarela de pagos, copiando este link no navegador: <http://www.arteixo.org/servizos/pagos-online>

Quedarán exentos/as do pagamento da taxa de dereitos de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten minusvalía e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o

certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do SEPE de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a Ordenanza Fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

Os dereitos de exame establécense en 9,04 €, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é, unicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

d. Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución, polo que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para a corrección da documentación. No caso de non existir aspirantes excluídos/as poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma Resolución, dando inicio ao proceso selectivo.

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS

4.1.- Publicarase no BOP de A Coruña, no taboleiro de edictos da Casa do Concello a relación provisional, así como a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Así mesmo, no mesmo medio, BOP de A Coruña e taboleiro de edictos, publicarase a composición nominativa do Tribunal cualificador cos titulares e suplentes, composto en base ao principio de idoneidade e especialidade e segundo o establecido na Lei 5/2015, de 30 de outubro, e o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Na mesma Resolución na que se aprobe definitivamente a listaxe de aspirantes admitidos/as, sinalarase o lugar, o día e hora de comezo do proceso selectivo. A publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes toda vez iniciado o proceso selectivo, así coma a listaxe dos/as aspirantes coas cualificacións en cada exercicio (ben de xeito nominativo ou ben con códigos de identificación no suposto de exercicios anónimos), efectuarase igualmente no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na sede electrónica.

4.2.- Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/as aspirantes e, sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases, como os anuncios de cualificacións, chamamento a exercicios, etc. serán publicadas na web municipal, toda vez sexa realizada a publicación no taboleiro de edictos. Ademais, tamén aparecerán, sempre que sexa posible, as cualificacións numéricas coa identificación anónima (nome a apelidos parcial, DNI parcial ou código de anonimato) dos/as aspirantes que acaden a consideración de Apto, así como unicamente cualificación de Non apto para os/as que non superen os exercicios de carácter eliminatorio e os non presentados/as. Tales publicacións na web municipal non terán validez administrativa a efectos de cómputo de prazos ou calquera outra, senón meramente informativa. Asemade, a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na convocatoria. Os restantes usos dos datos persoais contidos nas solicitudes, así como todo o desenvolvemento dos procesos selectivos, será de carácter interno e uso restrinxido, segundo o estipulado na normativa vixente en materia de protección de datos.

Como normas xerais no desenvolvemento do proceso selectivo, establécense as seguintes:

4.3.- Baixo ningunha circunstancia facilitarase información telefónica dende o servizo central de información sobre prazos de presentación de instancias, documentación, listaxes de admisión de aspirantes, chamamento a exercicios, cualificacións obtidas ou similares. As consultas sobre o contido das bases ou sobre posibles interpretacións, dúbidas e/ou cuestións incidentais unicamente poderán ser atendidas polo departamento de Persoal e RR.HH. (telefonicamente, por rexistro ou por email: persoal@arteixo.org). Calquera outra cuestión ou incidencia relativa ao desenvolvemento do proceso selectivo será resolta polo Tribunal cualificador designado no proceso selectivo.

4.4.- Os/as aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, agás casos de forza maior, debidamente acreditados a apreciados discrecionalmente polo Tribunal. O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte será de 48 horas, agás naqueles casos que o Tribunal, co consenso de todos/as os/as aspirantes, considere conveniente a realización de varios exercicios nunha mesma xornada, ou nun prazo inferior ao anteriormente establecido, concedendo aos/ás aspirantes un descanso mínimo de 30 minutos.

4.5.- A orde de actuación dos/as opositores naqueles exercicios ou probas que non podan realizarse conxuntamente, iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «W», de conformidade co previsto Resolución de 27 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública (BOE número 180, de 29 de xullo).

4.6.- O Tribunal, a través do/a Secretario/a actuante, poderá requirir aos/ás aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (carné de conducir ou pasaporte). Pese a que na realización das probas, velarase polo anonimato dos/as aspirantes, sempre que o Tribunal así o estime pertinente pola lóxica do desenvolvemento do proceso selectivo, os/as aspirantes serán chamados, en chamamento único, polo/a Secretaria/o actuante do Tribunal

debedo identificarse nese momento unicamente ante este membro do Tribunal, coa mesma acreditación identificativa que a mencionada enriba.

4.7.- Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún/ha dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluírase da mesma previa audiencia do/a interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E EXERCICIOS

O proceso selectivo consistirá nunha oposición libre, conformada polos seguintes exercicios:

FASE DE OPOSICIÓN (100 PUNTOS MÁXIMO)

O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte da fase de oposición será de 48 horas, agás naqueles casos que o Tribunal, co consenso de todos/as os/as aspirantes, considere conveniente a realización de varios exercicios nunha mesma xornada, ou nun prazo inferior ao anteriormente establecido, concedendo aos/ás aspirantes un descanso mínimo de 30 minutos.

1º EXERCICIO: EXAME TEÓRICO (Obrigatorio e non eliminatorio). DE 0 A 20 PUNTOS

Puntuarase de 0 a 20 puntos: consistirá na realización dun exercicio tipo test de 50 preguntas mais 5 preguntas de reserva, con respostas alternativas, das que unicamente unha é correcta, relacionadas co temario anexo á presente convocatoria e bases (Anexo I). As respostas correctas puntuarán 0,40 puntos, as respostas erradas descontarán 0,10 puntos e as non contestadas ou en branco, non descontarán. Os/as aspirantes deberán obrigatoriamente realizar este exercicio aínda que non se precise nota mínima para pasar ao seguinte, sendo que os "Non presentados/as" entenderase que decaen no proceso selectivo, non podendo continuar no mesmo.

O tempo máximo para realización deste exercicio será de 60 minutos, podendo o Tribunal determinar tempos inferiores.

2º EXERCICIO: EXAME PRÁCTICO (Obrigatorio e eliminatorio). DE 0 A 80 PUNTOS, sendo necesario acadar 40 puntos

Consistirá na realización dun exame práctico (proba de capacitación) relacionado co temario anexo e/ou coas funcións e nivel de dificultade propias das prazas do posto convocado, na que os/as aspirantes desenvolverán unha ou varias probas de capacitación preparadas polo Tribunal (podendo incluso realizarse en varias xornadas). A duración do exercicio non superará as dúas horas por cada aspirante no suposto dunha única proba de capacitación e de 5 horas no suposto de dúas ou mais, sexan na mesma xornada ou en distintas.

Os criterios de avaliación deste exercicio serán postos en coñecemento dos/as aspirantes con carácter previo á realización do mesmo, sexa unha única proba de capacitación ou varias e, neste último suposto, informarse aos/ás aspirantes da cualificación máxima de cada unha e da ponderación de criterios de cualificación das mesmas.

3º EXERCICIO: EXAME DE LINGUA GALEGA (Obrigatorio e eliminatorio). Cualificarase como Apto/Non apto

A proba de coñecemento da lingua galega consistirá nunha tradución escrita dun texto en lingua castelá á lingua galega, durante un tempo máximo de 30 minutos. O texto a traducir terá un máximo de 100 palabras e considerarase non apto a quen cometa 10 erros (de tradución, de gramática e/ou de acentuación). Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico.

As persoas aspirantes que acrediten, con carácter previo e da maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de "Apto", para o que se lles esixirá o título Celga 3 ou equivalente (iniciación) de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, artigo 2.4.

SEXTA.- TRIBUNAL DE SELECCION

6.1.- O Tribunal nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e artigo 60 do texto refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e será designado pola Alcaldía-Presidencia no Decreto de aprobación da listaxe provisional segundo a seguinte estrutura:

- A. Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira preferentemente do corpo técnico da Administración local (titular e suplente)
- B. Secretario/a, quen actuará con voz e voto: o/a funcionario/a que desenvolva o posto de fedatario público do Concello de Arteixo e/ou funcionario/a en quen delegue (titular e suplente)
- C. Vogais: o Tribunal compoñerase garantindo a idoneidade e competencia técnica deste órgano colexiado (en base ao principio de especialidade/idoneidade), designándose a este efecto 3 vogais titulares e suplentes, preferentemente do seguinte xeito:

- Tres empregados/as públicos/as, preferentemente da Administración Pública Local relacionados/as coas prazas do posto convocado, laborais ou funcionarios indistintamente (3 titulares e 3 suplentes)

6.2.- O/a Presidente/a do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros/as asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os/as devanditos/as asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

6.3.- O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a Presidente/a.

6.4.- Os/as vogais do Tribunal, titulares e suplentes, que actúen nestas probas terán a titulación correspondente, e percibirán as gratificacións correspondentes segundo o Real Decreto 462/2002, e as bases de execución do Orzamento municipal en vixencia.

6.5.- Os membros designados/as para conformar o Tribunal seleccionador deberán de poñer en coñecemento da autoridade convocante os supostos de abstención que procedan de conformidade á lexislación e normativa de aplicación e así mesmo, os/as aspirantes poderán exercer o seu dereito de recusación motivadamente a partir do día seguinte da publicidade do Resolución de designación nominativa dos mesmos, sendo que na Resolución de aprobación de listaxe definitiva e convocatoria de constitución do Tribunal e inicio do proceso selectivo resolveranse as recusacións, de ser o caso.

SÉTIMA.- RELACION DE APROBADOS E DOCUMENTACION

7.1.- A cualificación de cada exercicio e/ou fase dos mesmos, publicarase no taboleiro de edictos do Concello, así como o chamamento para realización do seguinte exercicio. Complementariamente será publicada na web municipal, aos meros efectos informativos. As cualificacións finais dos/as aspirantes serán o resultado da suma das puntuacións acadadas en cada un dos exercicios da fase de oposición. Os/as aspirantes serán ordenados nunha listaxe segundo orde de prelación das cualificacións finais acadadas. Tal listaxe, coa proposta de contratación aos/ás aspirantes que acaden as tres primeiras posicións, será exposta no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo durante 3 días hábiles, a fin de que os/as aspirantes podan presentar alegacións á mesma, sen prexuízo dos posibles recursos que consideren procedentes, de ser o caso.

7.2 No caso de empate das cualificacións finais, como primeiro criterio de desempate utilizarase a preferencia das aspirantes mulleres, ao estar verificada a infrarrepresentación feminina nos termos establecidos polo artigo 49 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro e concordantes. De persistir o empate, optarase polo/a aspirante que teña mais puntuación na proba de capacitación/exame práctico e, no suposto de non acadar desempate, por sorteo.

7.3.- BOLSA DE SUBSTITUCIÓN:

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superan o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao número de prazas convocadas. De non superar as probas establecidas ningún/ha aspirante ou a totalidade das tres prazas convocadas, o Tribunal poderá declarar deserta a convocatoria ou algunha das prazas convocadas. Así mesmo, segundo a listaxe de prelación das puntuacións totais, o Tribunal determinará unha listaxe de reservas conformada polos/as aspirantes aptos na fase de oposición que nas puntuacións finais non acadaran os tres primeiros postos (coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas de media-longa duración estimada, contratos de relevo ou substitución por permisos con dereito de reserva de posto de traballo, vacantes de plantilla e outras vacantes temporais de natureza similar e/ou de postos asimilados ao convocado de Operario/a de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, a criterio potestativo da Alcaldía-Presidencia).

A listaxe de aspirantes que non acaden praza en propiedade conformará unha nova bolsa de substitucións vixente dende o momento da súa aprobación pola Alcaldía Presidencia e que dará por finalizada a anterior bolsa de substitucións, aprobada por Decreto nº 1788/2021 de 25/06/2021. O chamamento de aspirantes desta bolsa funcionará con criterios de urxencia e celeridade, sendo que os/as aspirantes serán contactados vía telefónica e email, debendo aceptar ou rexeitar a oferta de contratación temporal no prazo inexcusable de 48 horas. No suposto dunha primeira renuncia por causa xustificada, o/a aspirante continuará na mesma orde na bolsa, no suposto dunha segunda renuncia (sexa xustificada ou non) pasará ao final da listaxe que conforma a bolsa e no caso dunha terceira renuncia, sairá da bolsa de substitucións.

Consideraranse causas xustificadas a acreditación documental no prazo sinalado de 48 horas: a situación de estar traballando, estar en situación de IT por enfermidade común ou accidente laboral, permiso maternidade/paternidade ou acreditación de coidado de menores, maiores a cargo ou calquera outro referido a conciliación familiar que imposibilite a prestación do servizo segundo a rotación de quendas/distribución de xornada propias do posto de traballo.

7.4.- Os/as dous aspirantes proposto/as a contratación como persoal laboral fixo (contrato indefinido), deberán presentar dentro do prazo máximo de 20 días naturais (a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a listaxe final de puntuacións coa propostas de contratación), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que segundo a base segunda desta convocatoria se esixen para tomar parte na selección, e toda a documentación requirida polo departamento de Persoal co fin de efectuar a correspondente alta na Seguridade Social. Estarán exentos/as, se tivesen relación anterior con esta Administración Local, da xustificación documental, aqueles/as que o tivesen demostrado para obter o seu anterior nomeamento ou contrato.

Poderase establecer un período de proba de acordo coa lexislación laboral vixente na formalización tanto dos contratos laborais indefinidos para acceso a praza en propiedade como nos contratos temporais derivados da nova bolsa de substitucións, de conformidade ao establecido polo artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación concordante (Sentenza do Tribunal Supremo 1246/2021, de 9 de decembro).

OITAVA.- NORMA FINAL

Esta convocatoria e bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven da mesma, así coma as actuacións do Tribunal en interpretación e cumprimento do contido nelas, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que podan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do proceso selectivo naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto na presente convocatoria o RD 364/1995, de 10 de marzo, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido do EBEP, Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, RD 896/1991 e demais normas concordantes de conformidade ao marco legal e normativo en vixencia.

MODELO DE INSTANCIA

D./Dona con DNI.:
con enderezo..... e telefono
de contactomail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo de:

***3 prazas de Operario/a do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (persoal laboral fixo, prazas en propiedade, OEP 2023) e BOLSA DE SUBSTITUCIÓN**

e declarando explicitamente coñecer e aceptar as bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da Base 2ª (Base 2.e: Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberan aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar así mesmo na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas; e Base 2.f: Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme)

Aportase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha X):

- DNI, carné de conducir B
- Titulación
- Acreditación Celga 3 ou equivalente (para exención da realización do exame de lingua galega)
- Taxas dereito exame (ou documentación acreditativa de estar eximido do pagamento)
- No suposto de discapacidade: descrición das adaptacións e/ou apoios necesarios para realización dos exercicios

SOLICITA: sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supor a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

ANEXO I: TEMARIO ANEXO A CONVOCATORIA

1. Constitución Española. A Coroa. Os dereitos e deberes dos cidadáns
2. Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia
3. O réxime local: competencias e servizos das entidades locais.
4. Real Decreto Lexislativo 5/2015 do texto refundido do Estatuto do Empregado Público: Tipos de empregados públicos, situacións administrativas e deberes e dereitos dos empregados públicos
5. Acordo plenario de aprobación do Plan Municipal de Xestión de Residuos do Concello de Arteixo (a disposición na web municipal: www.arteiro.org)
6. Ordenanza Municipal nº 46 de xestión de residuos domésticos do Concello de Arteixo (a disposición na web municipal: www.arteiro.org)
7. Normas e procedementos de seguridade laboral no manexo de cargas e utilización de EPIS (Real Decreto 487/1997 de 14 de abril e Anexo e Real Decreto 773/1997 de 30 de maio e Anexo)
8. Características do sistema de recollida selectiva de cinco fraccións do Concello de Arteixo.
9. Requisitos de mantemento e limpeza dos vehículos, contedores e outros propios do servizo de recollida de residuos.
10. Plan de igualdade municipal do Concello de Arteixo 2021-2024 (a disposición na web municipal: www.arteiro.org)

Arteixo, 17 de novembro de 2023

Asinado: Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

2023/9191